

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIONS

CAPITULO I

Obxecto

ARTIGO 1º. O presente Regulamento ten por obxecto a regulación dos distintivos e nomeamento honoríficos encamiñados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas.

ARTIGO 2º. Tóda-las distincións a que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, otorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico.

ARTIGO 3º. Ningún distintivo honorífico, nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desempeñen altos cargos na Administración e respecto dos cales se atope a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servicio e en tanto subsistan estes motivos.

CAPÍTULO II

Dos distintivos honoríficos

ARTIGO 4º. O Concello de Caldas de Reis crea a medalla da Vila de Caldas de Reis, nas súas categorías de ouro, prata e bronce.

ARTIGO 5º. A medalla terá as seguintes características nas súas tres categorías:

ANVERSO: Figurará o Escudo do Concello.

REVERSO: Figurará o nome do homenaxeado.

ARTIGO 6º. Coas medallas se premiarán especiais merecementos, beneficios sinalados ou servicios extraordinarios.

CAPÍTULO III

Dos nomeamentos

ARTIGO 7º. O Pleno da Corporación poderá conferir os nomeamentos de:

- Fillo Predilecto.
- Fillo Adoptivo.
- Membro Honorario da Corporación.

ARTIGO 8º. Cos nomeamentos se premiarán méritos, cualidades e circunstancias singulares que concurran nos galardoados.

ARTIGO 9º. Os nomeamentos de membros honorarios da Corporación non otorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno e administración da Corporación, pero o Alcalde titular ou o Concello poderá encomendarlles funcións representativas.

CAPITULO IV

Outras distincións honoríficas

ARTIGO 10°. O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbán, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada á cidade, recoñecendo con elo especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

CAPÍTULO V

Do procedemento

ARTIGO 11°. Os distintivos e os nomeamentos otorgaranse previo procedemento que se iniciará por proposta da Alcaldía, por proposta ou requeremento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación Municipal, ou respondendo a petición razoada de entidades locais de recoñecido prestixio.

No procedemento deberán acreditarse os méritos da persoa proposta. O expediente será dictaminado pola Comisión Informativa de Réxime Interno, e no prazo máximo dun mes será sometido ó Pleno da Corporación, que necesitará o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, para a validez do acordo, polo que se outorguen os distintivos ou nomeamentos.

ARTIGO 12°.- O Concello crea o Libro de Honor de Distintivos e Nomeamentos no que se irán inscribindo os outorgados.

ARTICULO 13°. A concesión das distincións e nomeamentos serán entregados no Salón de Sesións do Concello, coa asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

ARTICULO 14°. Previo procedemento que se instruírá coas mesmas características e garantías que para o outorgamento do honor ou distinción, a Corporación poderá revogar o acto de concesión á persoa galardoada, se ésta modifica tan profundamente a súa anterior conducta que os seus actos posteriores o fagan indigno de figurar entre os galardoados.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de catorce artigos e unha disposición final, entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia”.